Montevideo, 7 San Xoán 1965.—

26 Mzo 3411. ap-6.
Monteo.
F. Pereira

Cont! 21-IX-65

Estimado Sr. Deo:

Por fin hoxe (vencendo unha preguiza que non me daba acougo), póñome de novo en contaito con vostede, a dalle moitas e boas novas.—

Polo mare, que nos xunta e nos alonxa, mándolle unha mostra da sua fermosa laboura "Valoración de Pondal". Tamén a que corresponde ó premio de poesía do mesmo Concurso, ou sexa "Cinco poemas galegos", de Víctor Luis Molinari. Alí mesmo, no mesmo paquetiño, adxunto un novo chamado a Concurso, con motivo dos 15 anos da morte do noso xamáis ben gabado Castelao. É decir, as Bases do Concurso orgaizado por "Casa de Galicia", cuio tema é: "Castelao no arte galego". Ademáis (tamén no mesmo feixe) vai ó primeiro número de "Guieiro", periódico do "Patronato da Cultura Galega", xa que coido que será do seu interés.—

Según os Estatutos de "Casa de Galicia" debemos enviarlle 50 volumes da Edición. Agardamos a resposta e ó ~~xeito~~ millor de que chegue ao seu poder.—

Remato a carta, anunciándolle que "Casa de Galicia" (como un anaco das "X Xornadas de Cultura Galegas") fará un pequeno aito literario, e n-el entregaremos públicamente os libros a Molinari. ¡Que pena non contar coa presencia física de vostede!.....

Deica pronto. Namentres, reciba unha aperta de: F. Pereira